

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE  
MONDARIZ E MONDARIZ BALNEARIO PARA O SOSTEMENTO EN  
COMÚN DOS SERVICIOS DE GARDERÍA, PUNTO LIMPO E  
DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS.**

En Mondariz Balneario, a 07 de setembro de 2005

**REUNIDOS**

Por unha banda, o Sr. D. José Antonio Lorenzo Rodríguez, Alcalde-  
Presidente do Concello de MONDARIZ-BALNEARIO.

E por outra, o Sr. D. Julio Alen Montes , Alcalde-Presidente do Concello  
de MONDARIZ.

Ambas partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen,  
con capacidade e competencia suficiente para o outorgamento do  
presente convenio de colaboración, e ó efecto,

**EXPOÑEN**


- I. Que ambos Concellos poden, de acordo co que establece o art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local (LRBRL), para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Teñen competencias, entre outras, en protección do medio ambiente,

prestación de servicios sociais, recollida e tratamento de residuos, tratamento de augas residuais, programación da ensinanza ...

II. Que ambos Concellos, de acordo co establecido no art. 26 da LRBRL, poden prestar asociados os servicios de recollida de residuos, no que se enmarca o punto limpo, e rede de sumidoiros, no que se enmarca a EDAR.


III. Que o Concello de Mondariz Balneario conta cunha EDAR, localizada no Paseo de Troncoso, que ven servindo tanto os veciños do propio concello como a unha parte dos de Mondariz, téndose establecido unha participación nos gastos de sostemento de ó 60 % a cargo do Concello de Mondariz Balneario e o 40 % a cargo do de Mondariz. Por outra banda estase a construír unha nova EDAR para servir os dous concellos referidos e está prevista a construción dunha rede de colectores que aumente considerablemente o número de veciños de Mondariz que vertan as súas augas residuais a EDAR de Mondariz Balneario. Por esto resulta convinte establecer algunha forma de cooperación entre os concellos que regule este servicio e a contribución de cada un os gastos que ocasione.

IV. Que no Concello de Mondariz Balneario e en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente construíuse un punto limpo para a xestión dos residuos que non se depositan na recollida domiciliaria que se realiza. Este punto limpo está previsto que de servicios os veciños dos concellos de Mondariz e Mondariz Balneario polo que se fai necesaria, igual que no caso anterior, algunha fórmula de colaboración entre os concellos de cara a regular o funcionamento deste servicio e a contribución de cada un os gastos que esta xere.



V. Que o Concello de Mondariz Balneario rehabilitou un edificio para dedicalo a gardería infantil, destinada, en primeiro lugar, ós veciños deste concello e ós de Mondariz, polo que convén artellar algunha formula de cooperación entre ambos para regular o seu funcionamento e a participación de cada un dos concellos nos gastos que ocasione.

VI. De acordo co establecido no art. 57 da LRBRL a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servicios locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con caracter voluntario, baixo as formas en nos termos previstos na leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos.



Por todo o que se expuxo, subscríbese o presente Convenio de colaboración entre o Concello de Mondariz e o de Mondariz Balneario con suxeición as seguintes

## CLÁUSULAS

### 1.- OBXECTO:

O obxecto deste convenio é establece-las condicións básicas para a colaboración e cooperación técnica e económica entre os Concellos de Mondariz e Mondariz Balneario para o sostemento dos servicios de estación depuradora, punto limpo e gardería infantil.


### 2.- ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO PRESENTE CONVENIO:

A prestación para os veciños dos concellos de Mondariz e Mondariz Balneario dos servizos de estación depuradora, punto limpo e gardería infantil, regulando a forma de xestión e as obrigas económicas dos dous concellos.

### 3.- OBRIGAS DAS PARTES:

Para a prestación dos servizos antes referidos ambos concellos asumen as seguintes obrigas:

- Cofinanciar, de acordo cos criterios que se establezan no anexo do convenio, os gastos que ocasionen a estación depuradora, o punto limpo e a gardería infantil, localizados todos no concello de Mondariz Balneario, e que se prestan os veciños deste concello e do de Mondariz.
- Participar na Comisión específica prevista no Convenio e nomear ós seus representantes.



### 4.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO:

Para o seguimento do Convenio crearase unha Comisión específica con capacidade decisoria, composta por un representante de cada un dos concellos de Mondariz e Mondariz Balneario, nomeados polo Pleno. Ás reunións desta comisión poderá asistir, como asesor con voz e sen voto, un técnico de cada Concello, podendo, neste caso, actuar un deles de secretario para os efectos de redacción dos acordos que se adopten. As funcións da Comisión son:

- Establecer as normas xerais as que se debe axustar a xestión dos servizos comúns os que este convenio se refire.
- Resolver as controversias que se produzan sobre a liquidación de achegas económicas de cada un dos concellos.
- Establecer as normas necesarias para o desenvolvemento do convenio.

#### 5.- NATUREZA DO CONVENIO:

O presente convenio ten natureza administrativa, rexendo a súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdicción contencioso-administrativa.

#### 6.- FORMA DE ABOAMENTO:

O pago dos achegas de cada concello realizarase da forma prevista no Anexo deste convenio.

#### 7.- VIXENCIA DO CONVENIO:

O presente convenio terá vixencia desde a súa firma ata que dure a prestación dos servizos que nel se establecen.

#### 8.- CAUSAS DE EXTINCIÓN:



O presente convenio extinguirase por calquera das seguintes causas:

- a) Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- b) Por incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio.
- c) A denuncia de calquera das partes, que debendo asumirse os compromisos referidos o exercicio económico en esta se efectuara.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste Convenio, asinan as partes o presente documento, por duplicado exemplar, no lugar e data consignados no encabezamento.

POLO CONCELLO DE MONDARIZ-  
BALNEARIO, O ALCALDE

POLO CONCELLO DE MONDARIZ,  
O ALCALDE



Asdo.: José Antonio Lorenzo  
Rodríguez



Asdo.: Julio Alén Montes

## ANEXO I.- FINANCIAMENTO DOS SERVICIOS DE EDAR, PUNTO LIMPO E GARDERÍA INFANTIL

### I) Estación depuradora.-

A xestión da EDAR correrá a cargo do Concello de Mondariz Balneario, que a realizará da forma que estableza, mediante algunha das diferentes alternativas que especifica a vixente lexislación sobre réxime local. Anualmente, e dentro dos meses de xaneiro ou febreiro, realizarase polo Concello de Mondariz Balneario unha liquidación dos gastos realizados para o funcionamento da EDAR, a que acompañaran os xustificantes correspondentes.


Os Concellos contribuirán o sostemento dos gastos de acordo coas seguintes porcentaxes:

- Mondariz Balneario: 60 %.
- Mondariz: 40 %.

Cando entren en funcionamentos os colectores proxectados en Mondariz as achegas de cada concello serán en función do número de habitantes usuarios deste servizos.

### II) Punto limpo.-

A xestión do punto limpo correrá a cargo do Concello de Mondariz Balneario, que a realizará da forma que estableza, mediante algunha das diferentes alternativas que especifica a vixente lexislación sobre réxime local. Estará aberto ós veciños os xoves de 9:00 a 14:30. O Concello de Mondariz Balneario realiza unha recollida domiciliaria, previa solicitude, o primeiro e o terceiro xoves de cada mes. Anualmente, e dentro dos mes de xaneiro ou febreiro, realizarase polo Concello de Mondariz Balneario unha liquidación dos gastos realizados para o funcionamento do punto limpo, a que acompañaran os xustificantes correspondentes.



Cada un dos Concellos contribuirán ó sostemento dos gastos de punto limpo en proporción a súa poboación, segundo os datos do ultimo Padrón municipal aprobado.

### III) Gardería infantil.

A xestión da gardería infantil correrá a cargo do Concello de Mondariz Balneario, que a realizará da forma que estableza, mediante algunha das diferentes alternativas que especifica a vixente lexislación, encargándose tamén da recadación da taxa polo servico. Anualmente, e dentro dos mes de xaneiro ou febreiro, realizarase polo Concello de Mondariz Balneario unha liquidación dos ingresos e gastos realizados para o funcionamento da gardería, a que acompañaran os xustificantes correspondentes.

Cada un dos Concellos contribuirán ó sostemento dos gastos de gardería infantil en proporción os usuarios do seu concello que sexan atendidos nesta, ponderándoos cos ingresos por taxas que xeren os usuarios de cada concello. En caso de usuarios doutros concellos os gastos que xeren serán sufragados ó 50% entre ambos concellos. Para a puntuación das solicitantes estarase o baremo aprobado pola Xunta de Galicia, e publicado na Orde de 10 de abril de 2002 da Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. De quedar prazas vacantes poderanse admitir solicitantes doutros concellos.

### ANEXO II.- PROCEDIMIENTO DE COBRO DAS ACHEGAS DE CADA CONCELLO.

As liquidación de gastos efectuadas será trasladadas polo Concello de Mondariz Balneario, xunto cos seus xustificantes, o de Mondariz, para os efectos da súa aprobación ou formulación de reparos. Neste Caso serán resoltos pola Comisión de Seguimento do Convenio, que



tería que reunirse a estes efectos dentro dos quince días seguintes o da notificación do reparo efectuado.

As liquidacións de gastos e propostas de achega económica serán remitidas antes do 31 de marzo e daranse por conformes de non formularse reparos nos vinte días seguintes a súa recepción.

Ademais destas liquidacións definitivas, realizaranse durante os meses de xullo ou agosto liquidacións provisionais dos gastos realizados durante os seis primeiros meses do ano, debendo realizarse no mes seguinte a súa recepción un ingreso a conta da liquidación definitiva.

